

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

1275 *Real decreto 21/2013, do 18 de xaneiro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.*

Existen evidencias científicas sobre a resistencia natural no gando ovino fronte a determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles (EET) e, máis concretamente, fronte ao *scrapie* ou tremesía ovina, resistencia que está directamente relacionada coas características do xene que codifica para a proteína príon, no sucesivo xene PRNP.

Nos últimos anos, por petición da Comisión da Unión Europea, a Autoridade Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA) publicou numerosos ditames científicos en que se avala o feito de que os programas de selección de ovinos resistentes ás EET son unha ferramenta de grande utilidade para mellorar o status sanitario do gando ovino e se recomenda, por iso, o uso de ovinos resistentes para a reprodución.

A Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003, pola que se fixan os requisitos mínimos para o establecemento de programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes transmisibles, determinaba a obrigatoriedade para os Estados membros de pór en marcha programas de cría de ovinos resistentes ás encefalopatías esponxiformes, así como os requisitos mínimos que debían cumprir. Posteriormente, o artigo 6 bis do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de maio de 2001, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, introducido mediante o Regulamento (CE) n.º 1923/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de decembro de 2006, que modifica o Regulamento (CE) n.º 999/2001 polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, estableceu a posibilidade de que os Estados membros introducisen programas de cría para seleccionar animais resistentes ás EET na súa poboación ovina. E o Regulamento (CE) n.º 727/2007 da Comisión, do 26 de xuño, polo que se modifican os anexos I, III, VII e X do Regulamento (CE) n.º 999/2001 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, na parte que desenvolve o citado artigo 6 bis, introduciu requisitos mínimos harmonizados para os ditos programas de cría e derogou a Decisión 2003/100/CE da Comisión, do 13 de febreiro de 2003. Por isto, queda a criterio dos Estados membros continuar coa aplicación dos programas mencionados.

Con base nesta lexislación comunitaria, desde o ano 2003 as asociacións de criadores de ovinos de raza pura de noso país veñen aplicando programas de selección de cría de ovinos resistentes. O gando español ovino de raza pura caracterizábase, cando se puxo en marcha o programa, por unha presenza maioritaria do alelo ARQ que, ben que non está asociado a unha alta susceptibilidade á enfermidade, non é o que maior resistencia natural lle confire. A aplicación do programa ao longo destes anos trouxo como consecuencia un descenso na presenza deste alelo, acompañado dun notable incremento da porcentaxe do alelo ARR, asociado á maior resistencia á enfermidade, ata situárense ambos nunhas porcentaxes parecidas. Ademais, estes dous alelos constitúen máis do 90% da actual diversidade xénica do xene PRNP da poboación de ovinos de raza pura presentes no noso país. Polo que respecta ao alelo VRQ, asociado á maior susceptibilidade da enfermidade, este encóntrase presente nunhas porcentaxes moi pouco significativas.

Por outro lado, as asociacións de criadores de ovinos de raza pura de España incluíron a resistencia xenética como outro obxectivo máis dos seus programas de mellora, buscando con isto un incremento da frecuencia dos xenotipos máis resistentes, sen que iso interfira nos avances logrados en prol da conservación ou mellora de cada raza.

Estas circunstancias fan previsible que, malia non ser obrigatoria xa a execución dos programas de cría, a maioría das asociacións de criadores de ovinos de razas puras de España, polo menos as clasificadas como razas de fomento, vaian continuar coa súa aplicación. Non obstante, en caso de que isto non fose así, consideraríase a posibilidade de adoptar medidas para incentivar tal continuidade, ou mesmo facela obrigatoria se así se determinase na normativa da Unión Europea.

O Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento, quedou obsoleto, tanto nos requisitos que deben conter os programas de cría como no marco temporal en que se conceden as subvencións. Por todo isto, e por razóns de claridade e seguridade xurídica, convén derrogar o dito real decreto.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, coa aprobación previa do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de xaneiro de 2013,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer as normas básicas e de coordinación para o establecemento do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e no artigo 2 do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro, polo que se establece o Programa nacional de conservación, mellora e fomento das razas gandeiras.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Programa de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles: conxunto de actuacións levadas a cabo dentro do programa de mellora que persegue a selección de animais resistentes a este grupo de enfermidades, en función do xenotipo do xene que codifica para a proteína prión, no sucesivo xene PRNP, deseñado sobre a base das frecuencias alélicas do dito xene.

b) Autoridades competentes: os órganos competentes das comunidades autónomas e o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, cando se trate de organizacións recoñecidas por este.

c) Xene PRNP: secuencia de ADN cromosómico que codifica para a proteína de membrana ou PrP, cuxa variabilidade alélica condiciona o grao de resistencia a determinadas encefalopatías esponxiformes transmisibles, en diante EET.

- d) Alelo: forma alternativa do xene PRNP, definida con referencia aos aminoácidos codificados polos codóns 136, 154 e 171 do xene PRNP.
- e) Expresión do xenotipo: o xenotipo expresarase segundo o establecido no anexo I.
- f) Rabaño de alto valor xenético: aquel rabaño formado por animais de raza pura.

Artigo 3. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación, con carácter voluntario, en todas as explotacións de gando ovino sitas no territorio nacional.

Os rabaños ou explotacións que participen no programa deberán cumprir as normas específicas recollidas no anexo II.

Artigo 4. *Actuacións xerais do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.*

O Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino comprende as seguintes actuacións:

- a) A execución de programas de selección xenética para aquelas razas ovinas en que a resistencia ás EET sexa un obxectivo dos seus programas de mellora.
- b) A certificación e clasificación dos machos reprodutores en función do seu xenotipo.
- c) A clasificación e o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de certas explotacións de ovinos, en función do xenotipo dos seus reprodutores.
- d) O mantemento e a actualización da base de datos Aries, que contén información sobre a identificación individual e sobre a raza de cada animal obxecto de mostraxe no programa de selección, así como os resultados de calquera proba de xenotipado realizada.
- e) A designación dun laboratorio nacional de referencia para o xenotipado de ovino e o establecemento do procedemento de designación doutros laboratorios autorizados.

Artigo 5. *Competencias.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente exercerá a coordinación do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles coas comunidades autónomas, as organizacións de criadores oficialmente recoñecidas e, se é o caso, outras organizacións de criadores de ovino, para a súa adecuada aplicación.

CAPÍTULO II

Programas de selección xenética

Artigo 6. *Obxectivo dos programas de selección xenética por razas.*

1. As asociacións de criadores de ovinos de razas puras incluídas no Catálogo oficial de razas de gando de España manterán, de maneira voluntaria, os programas de selección xenética para cada raza, cuxo obxectivo seguirá sendo o aumento da frecuencia daqueles alelos que confiren resistencia ás EET e, ao mesmo tempo, lograr a diminución da presenza daqueles que confiren máis susceptibilidade.

2. Os programas de selección xenética deberán ter en conta, polo menos:

- a) As frecuencias dos distintos alelos na raza.
- b) O estado de conservación da raza.
- c) A prevención da consanguinidade ou a deriva xenética.

CAPÍTULO III

Certificación e clasificación de machos

Artigo 7. *Clasificación de machos reprodutores en función do seu xenotipo.*

Todos os machos reprodutores dos rabaños que participen no programa deberán ser clasificados en función do seu xenotipo en tres categorías:

- a) Grupo I: machos con xenotipo ARR/ARR.
- b) Grupo II: machos con xenotipo ARR/--- (non VRQ).
- c) Grupo III: machos con xenotipo en que non haxa alelos ARR nin VRQ.

Artigo 8. *Certificación de machos reprodutores inscritos no libro xenealóxico.*

1. As asociacións de criadores certificarán na carta xenealóxica dos machos que se vaian usar como reprodutores o xenotipo e a clasificación dese animal, de acordo co establecido no artigo 7, antes de ser destinado a tal fin. Ademais, poderán emitir certificados non vinculados á carta xenealóxica que conterán a mesma información.

Para os machos pertencentes a rabaños de produción participantes no programa, serán os órganos competentes das comunidades autónomas os que emitan o certificado que indique o grupo a que pertence o dito animal.

2. A expedición de certificados do xenotipo dos machos reprodutores animais participantes no programa deberase basear nos datos contidos na base de datos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (Aries), e terá efectos en todo o territorio nacional.

3. O certificado conterá, como mínimo, a seguinte información: número de certificado, código de identificación individual do animal, raza, xenotipo e clasificación do animal en función deste, data da análise, código da explotación onde o animal é xenotipado por vez primeira e data de emisión do certificado.

Artigo 9. *Uso de machos reprodutores inscritos no libro xenealóxico en rabaños de produción.*

Fomentarse o uso de machos, ou seme de machos, que estean inscritos nalgún libro xenealóxico e que pertencen aos grupos I e II de acordo coa clasificación a que fai referencia o artigo 7, nas explotacións de produción independentemente da súa participación ou non no programa, en especial nas localizadas arredor daquelas onde se declarase un foco de *scrapie*. Os organismos oficiais ou gandeiros fomentarán o uso destes animais ou do seu seme en nais de futuros reprodutores.

CAPÍTULO IV

Sistema nacional de información para a identificación e xenotipado de gando ovino (Aries)

Artigo 10. *Concepto e contido do sistema de información.*

O sistema de información para a identificación e xenotipado de gando ovino, denominado Aries, que depende do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, é unha aplicación informática con tecnoloxía internet/intranet, cunha base de datos informatizada, que contén, como mínimo, os datos relativos:

- a) Á identificación individual, raza e número de animais participantes no programa.
- b) Aos titulares das explotacións.
- c) Aos usuarios do sistema.
- d) Ás mostras e resultados.

Artigo 11. *Introdución de datos de animais non inscritos no libro xenealóxico.*

Todo animal cuxos datos se introduzan no sistema Aries e que non estea inscrito no libro xenealóxico da súa raza, xestionado por unha asociación de criadores oficialmente recoñecida, será inscrito como «conxunto mestizo».

Artigo 12. *Localización e acceso á información.*

1. O servidor central do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente disporá de toda a información prevista no artigo 11.

2. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente posibilitará o acceso a esa información, por medios electrónicos, ás comunidades autónomas, aos datos referentes aos seus respectivos ámbitos de actuación, e aos demais usuarios, aos datos que lles correspondan, sen prexuízo dos límites que legalmente correspondan para a protección de datos de carácter persoal.

3. O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente rexistrará, na Axencia Española de Protección de Datos, os ficheiros que, pola natureza do seu contido, estean previstos no ámbito de aplicación da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

CAPÍTULO V

Recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a explotacións de ovinos

Artigo 13. *Procedemento para o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de explotacións de ovinos.*

1. O recoñecemento oficial do status de resistente ás EET de explotacións de ovinos deberá respectar os criterios básicos establecidos no anexo III e terá efectos en todo o territorio nacional.

2. Corresponderá ás autoridades competentes das comunidades autónomas en que se encontre a explotación o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET.

O dito recoñecemento concederáse logo da solicitude do titular da explotación ou representante da asociación de criadores que conte coa autorización expresa do titular.

3. Entre a documentación que se achegue, o titular ou representante expresamente autorizado da explotación para a que se solicita o recoñecemento deberá presentar o resultado da análise do xenotipado dos reprodutores presentes na explotación, tanto machos como femias, de acordo cos datos contidos no sistema de información Aries.

4. O recoñecemento oficial do status de resistente ás EET dunha explotación, de acordo co establecido nos números anteriores, non se considerará criterio necesario para excluír a presenza de EET nesa explotación.

5. Para o mantemento do status recoñecido, o titular da explotación ou o responsable dos animais, no caso de non ser o mesmo, deberá realizar, como mínimo, os controis aleatorios dispostos no anexo III.

Así mesmo, as autoridades competentes levarán a cabo os controis oficiais que permitan verificar o mantemento das condicións que determinaron a concesión á explotación do status de resistencia ás EET. Estes controis abranguerán todas as explotacións con algún status de resistencia nun período de catro anos e deberán permitir a comprobación de, polo menos, o xenotipo dos animais reprodutores de novo ingreso e as mostraxes aleatorias realizadas de acordo co disposto no anexo III.

6. No momento en que un animal con aptitude como reprodutor abandone unha explotación con algún status de resistencia e o seu destino non sexa o sacrificio, os órganos competentes das comunidades autónomas farán constar no documento de traslado, se é o caso, o nivel de resistencia con que conta a explotación.

CAPÍTULO VI

Laboratorio nacional de referencia e laboratorios autorizadosArtigo 14. *Laboratorio nacional de referencia.*

1. Désígnase o Laboratorio Central de Veterinaria, dependente do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, sito en Algete (Madrid), como laboratorio nacional de referencia para a análise do xene PRNP, no marco do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino.

2. As funcións do laboratorio nacional de referencia son as previstas no anexo V do Real decreto 2129/2008, do 26 de decembro.

Artigo 15. *Laboratorios oficiais das comunidades autónomas.*

1. Os órganos competentes das comunidades autónomas poderán designar ou autorizar os laboratorios, de carácter público ou privado, competentes para efectuar as análises do xene PRNP en mostras de ovinos.

2. Os órganos competentes das comunidades autónomas comunicarán á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente os laboratorios autorizados dentro do seu ámbito, así como calquera variación que se produza, co obxecto de confeccionar a relación nacional de laboratorios autorizados.

3. Os órganos competentes das comunidades autónomas designarán aquel ou aqueles laboratorios, de entre a relación nacional de laboratorios autorizados, que poidan realizar, no marco do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, as análises de xenotipos dos animais localizados no seu ámbito territorial.

4. Os laboratorios designados formarán parte do sistema Aries.

5. O xenotipado do xene PRNP a partir de mostras de ovinos participantes no Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino só se poderá realizar no laboratorio nacional de referencia ou nos laboratorios autorizados e designados.

CAPÍTULO VII

Réxime sancionadorArtigo 16. *Infraccións e sancións.*

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto na Lei 8/2003, do 24 de abril, e, se é o caso, no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou doutra orde que procederen.

Disposición transitoria primeira. *Solicitud de status de resistencia ás EET de certas explotacións de ovino.*

Concédesse un prazo dun ano a partir da publicación deste real decreto para a solicitude do recoñecemento de status de resistencia por parte das explotacións que, á entrada en vigor deste real decreto, cumpran os requisitos previstos no artigo 13. Transcorrido ese prazo, as explotacións cuxo titular ou representante non tramitase a dita solicitude consideraranse sen status de resistencia, independentemente dos xenotipos

que teñan os reprodutores presentes na explotación. Non obstante, a partir dese momento, os titulares destas explotacións poderán solicitar algún status de resistencia no momento en que cumpran cos requisitos exixidos para isto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Programas xa aprobados.*

No prazo dun ano a partir da publicación deste real decreto, as asociacións de criadores de ovinos de raza pura deberán comunicar á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios se continúan ou non coa aplicación do programa. No caso de que sexa así, deberán adaptar ao disposto neste real decreto o Programa de selección xenética de resistencia ás EET que xa teñan aprobado e presentalo á autoridade competente para a súa validación, facendo notar as modificacións introducidas.

As asociacións de criadores de ovinos de raza pura que decidan non continuar co programa comunicaranlo igualmente á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios e á autoridade competente que aprobou no seu día o seu programa de selección xenética de resistencia ás EET, para que proceda á súa revogación.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1312/2005, do 4 de novembro, polo que se establece o Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, e a normativa básica das subvencións para o seu desenvolvemento.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico e título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Seguimento do programa nacional.*

O Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente realizará, con base nos seus datos e nos proporcionados polas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, o seguimento da aplicación do programa nacional. En función deste, solicitarase ao órgano de coordinación correspondente entre o Estado e as comunidades autónomas informe respecto dunha posible modificación deste real decreto para incentivar ou prever a obrigatoriedade de programas de selección xenética para as razas puras en que así proceda.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de modificación.*

1. Facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para a modificación dos anexos para efectos da súa adecuación á normativa comunitaria ou internacional.

2. Así mesmo, facúltase o titular do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para establecer, mediante orde ministerial, a obrigatoriedade da execución dos programas de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, para as asociacións de criadores e rabaños daquelas razas puras en que así derive por normativa da Unión Europea, e en que o número de animais existente garanta que non se pon en risco o mantemento da raza.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de xaneiro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO I

Expresión do xenotipo

1. No marco do Programa nacional de selección xenética para a resistencia ás encefalopatías esponxiformes transmisibles en ovino, o xenotipo dos animais analizados expresarase pola combinación de dous alelos.

2. Indicarase cada alelo por medio dun código de tres letras, como aparece no seguinte cadro:

| | | | |
|-----|---------|-----------|-----------|
| ARR | Alanina | Arxinina | Arxinina |
| AHQ | Alanina | Histidina | Glutamina |
| ARH | Alanina | Arxinina | Histidina |
| ARQ | Alanina | Arxinina | Glutamina |
| VRQ | Valina | Arxinina | Glutamina |
| ARK | Alanina | Arxinina | Lisina |
| ALQ | Alanina | Leucina | Glutamina |
| AHK | Alanina | Histidina | Lisina |

ANEXO II

Normas específicas para os rabaños participantes no programa

a) Será obrigatorio determinar o xenotipo de todos os machos reprodutores presentes naquelas explotacións que, de maneira voluntaria, participen no programa antes de que se utilicen para tal fin. Posteriormente, en función do seu xenotipo clasificaranse de acordo cos grupos definidos no artigo 7.

Así mesmo, poderanse xenotipar voluntariamente as femias que se vaian dedicar á reprodución. No caso de explotacións de alto valor xenético, será a asociación de criadores a que, en función da situación da raza en relación co xene PRNP, a evolución do programa de selección xenética e o status de resistencia das explotacións dos seus asociados, se o tivesen, decida a conveniencia de xenotipar ou non as femias reprodutoras.

b) As asociacións de criadores que participen no programa deberán elaborar cada ano un informe que conteña unha previsión do número de animais que se van xenotipar, machos e femias, durante o ano seguinte, así como unha explicación dos motivos polos que se van xenotipar as femias de acordo cos criterios definidos no punto anterior.

Para as explotacións de produción que decidan participar no programa serán as autoridades competentes da comunidade autónoma onde radique a explotación as que elaboren unha listaxe de explotacións participantes e o informe mencionado no parágrafo anterior.

O dito informe deberase enviar antes do 31 de decembro á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, ben directamente ou ben a través da comunidade autónoma que concedeu o recoñecemento oficial á asociación.

c) Nos rabaños participantes, aqueles machos que posúan polo menos un alelo VRQ non serán destinados á reprodución nin se poderán utilizar, se as houber, doses seminais almacenadas pertencentes a eses animais, e deberán abandonar a explotación con destino a matadoiro para o seu sacrificio.

d) Igualmente, para os rabaños participantes, aquelas femias xenotipadas que presenten polo menos un alelo VRQ non se destinarán á reprodución e deberán abandonar a explotación con destino a matadoiro para o seu sacrificio.

e) As mostras para a realización das análises en laboratorio do xene PRNP serán recollidas, identificadas e procesadas por persoal autorizado pola autoridade competente, seguindo os protocolos técnicos e os procedementos establecidos polo laboratorio nacional de referencia.

f) Aqueles rabaños de razas en perigo de extinción que participen no programa poderanse acoller a excepcións de aplicación das letras c) e d) anteriores, sempre que estea debidamente xustificado no programa de selección xenética da raza, de acordo co establecido no artigo 6.

ANEXO III

Status de resistente ás EET

A. Niveis de resistencia ás EET.

A autoridade competente outorgará o recoñecemento oficial do status de resistente ás EET a explotacións de ovinos que, como resultado da súa participación no Programa de selección xenética para a resistencia ás EET, satisfagan os criterios aquí previstos para cada un dos niveis establecidos con base na seguinte clasificación:

Nivel I: explotacións formadas na súa totalidade por ovinos de xenotipo ARR/ARR.

Nivel II: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos de xenotipo ARR/ARR e femias que non sexan de xenotipo ARQ/ARQ nin posúan ningún alelo VRQ.

Nivel III: explotacións cuxa proxenie fose obtida exclusivamente de machos ARR/--- (non VRQ) e femias que non teñan ningún alelo VRQ.

B. Introducción de reprodutores na explotación.

Toda aquela explotación que, como consecuencia da súa participación no programa, obtívese un status de resistente ás EET só poderá introducir reprodutores procedentes doutra explotación que teñan un xenotipo acorde cos requisitos establecidos para o correspondente status de resistencia da explotación, de acordo co parágrafo A.

C. Mostraxe aleatoria.

1. Os titulares das explotacións oficialmente recoñecidas con nivel I e II de resistencia ás EET segundo o disposto no parágrafo A realizarán unha mostraxe aleatoria periódica de acordo coa seguinte táboa:

Número de animais que se analizarán en mostraxes aleatorias periódicas en explotacións con nivel de resistencia I e II fronte a *scrapie*

| Censo total | Animais que van ser obxecto de mostraxe |
|-------------|---|
| 1-25 | Todos |
| 26-30 | 26 |
| 31-40 | 31 |
| 41-50 | 35 |
| 51-70 | 40 |
| 71-100 | 45 |
| 101-200 | 51 |
| 201-1200 | 57 |
| >1200 | 59 |

2. Os ditos controis faranse en animais que vaian ser destinados ao seu uso como futuros reprodutores, que non fosen xenotipados con anterioridade e que nacesen na propia explotación.

A frecuencia destes controis será anual nas explotacións de nivel II, e bianual nas de nivel I. Os resultados destes controis serán comunicados aos órganos competentes da comunidade autónoma onde radique a explotación.

3. Naquelas explotacións con nivel de resistencia I o resultado destes controis medirase pola presenza dalgún xenotipo distinto de ARR/ARR. Nas de nivel II todos os animais analizados deberán ter, polo menos, un alelo ARR e, en ningún caso, un alelo VRQ.

D. Perda da cualificación.

1. Se, como consecuencia da mostraxe, se detectase a presenza dalgún animal de xenotipo ou con alelos que non corresponden ao nivel de resistencia da explotación en que se encontran, suspenderíase cautelarmente a dita cualificación.

2. Os animais que, como resultado da mostraxe, presenten algún alelo VRQ non poderán ser destinados á reprodución en ningunha outra explotación.

En caso de que o xenotipo non se corresponda co que debería ter de acordo co nivel de resistencia da explotación en que se encontran, poderanse destinar á reprodución noutra explotación con status de resistencia inferior cuxo nivel os admita.

3. Se, como consecuencia dos controis oficiais levados a cabo polas comunidades autónomas, se detectan resultados non conformes co nivel de resistencia da explotación, as autoridades competentes das comunidades autónomas tomarán as medidas oportunas para asegurar que na explotación só se usan animais reprodutores conforme os niveis de resistencia definidos no parágrafo A, co fin de que a explotación poida recuperar o seu status. En caso contrario, retirarase definitivamente a cualificación mediante resolución en que se dará audiencia ao interesado.

E. Cambio de cualificación.

Aquelas explotacións que estean en disposición de obter unha cualificación superior á que xa teñen deberán solicitalo aos órganos competentes da comunidade autónoma en que radique a explotación. Deberán presentar os resultados da análise de xenotipado, baseados nos datos contidos no sistema Aries, de todos os reprodutores presentes nese momento na explotación.